



**BASES DA CONVOCATORIA PARA CONTRATAR DOUS
TRABALLADORES DENTRO DO PROGRAMA DA XUNTA DE GALICIA DE
FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL)**

- 1ª) Obxecto da convocatoria. Contratación de dous peóns de obras públicas
- 2ª) Tipo e duración do contrato. Os contratos son de obra ou servizo determinado, a xornada completa e unha duración prevista de nove meses.
- 3ª) Retribucións incluídos todos os conceptos salariais e a parte proporcional da paga extraordinaria: 1.346,85 euros/mes.
- 4ª) Requisitos. Os aspirantes serán preseleccionados pola Oficina de Emprego de Santiago Norte entre os demandantes de emprego alí rexistrados e comprendidos nos colectivos prioritarios recollidas na Orde do 29 de agosto de 2017 da antedita Consellería e que regula esta convocatoria.
- 5ª) Criterios de selección.
1. Situación de desemprego de longa duración: ata 1,00 punto, a razón de 0,25 puntos por semestre, contando a partir do primeiro ano en desemprego.
 2. Desempregados menores de 30 anos: 1,50 puntos.
 3. Demandantes de primeiro emprego: 1,00 punto.
 4. Mulleres: 1,50 puntos.
 5. Mulleres vítimas de violencia de xénero: 1,00 punto.
 6. Maiores de 45 anos: 1,00 punto.
 7. Persoas con discapacidade: 1,00 punto.
 8. Demandantes con cargas familiares: Ata 1 punto, a razón de 0,25 puntos por cada unha das persoas que sexan carga familiar. Enténdese por cargas familiares o seguinte: cónxuxe, fillos menores de 26 anos ou maiores con discapacidades, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento, sempre que carezan de ingresos propios para a satisfacción das súas necesidades.



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

9. Demandantes en risco de exclusión social: 1,00 punto. Este punto debe ser acreditado por informe social emitido por un profesional pertencente a Administración Pública.
10. Persoas que teñan esgotadas todas as Prestacións de desemprego: 1.00 punto.
11. Entrevista curricular cos aspirantes coa finalidade de avaliar a súa dispoñibilidade, interese e adecuación ao posto de traballo. Será obxecto de valoración ata o máximo de 4,00 puntos.

As circunstancias anteriores xustificaranse coa documentación que o tribunal obteña das persoas interesadas, da Oficina de emprego e dos servizos sociais municipais.

6ª) Tribunal calificador: A secretaria municipal, o técnico de intervención, o arquitecto técnico municipal e a traballadora social. A primeira actuará como presidenta e a última como secretaria do Tribunal.

7ª) Os membros do tribunal terán dereito ás indemnizacións por asistencias consonte os artigos 29 e seguintes do Real decreto 462/2002, do 24 de maio. Para estes efectos o tribunal inclúese na categoría terceira do artigo 30 da dita norma. Para o desenvolvemento do proceso selectivo considéranse suficientes 2 sesións.

8ª) O tribunal clasificará os candidatos pola orde resultante da puntuación global que obteñan e propondrá a contratación dos dous aspirantes con maior puntuación. Cos seguintes candidatos constitúese unha bolsa de traballo para cubrir posibles vacantes ou para atender necesidades imprevistas. A proposición do tribunal e a lista de candidatos publicarase na páxina dixital e no taboleiro de edictos do Concello.

O aspirantes seleccionados presentarán, no prazo de cinco días naturais, o certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que afecte á capacidade funcional para o desempeño das tarefas e a declaración xurada de non que non foi arredado mediante expediente disciplinario do servizo ás Administracións públicas nin está inhabilitado para exercer funcións públicas.

9ª) Normativa reguladora. A convocatoria réxese polas presentes bases, o regulamento de selección de persoal laboral da Corporación e as normas reguladoras do persoal ao servizo das Administracións públicas. O contido da relación laboral réxese polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto do empregado público e polo Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores, e as súas disposicións complementarias, a Lei de Emprego Público de Galicia e pola Orde do 29 de agosto de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.